



Durante o mes de xaneiro as docentes do ensino público galego poden escoller entre a sanidade pública, a de todas, e a sanidade privada, a dos fondos voitre.


Nós témolo claro:

*Aposta (nos)
pola pública!*

www.steg.gal

722.85.61.87

STEG



E ti, xa es da pública?

EN XANEIRO, #PásateÁPública!

As funcionarias e funcionarios de carreira estamos dentro dun réxime especial de Seguridade Social, MUFACE, cunha caixa propia e un sistema de cotización e servizos distintos aos do réxime xeral.

Entre as particularidades de MUFACE atópase a posibilidade de escoller entre as prestacións médicas do Sistema Público de Saúde (SERGAS) ou dunha serie de entidades médicas privadas-concertadas.

Dende o STEG, animamos a todas as docentes a que escollan a opción da sanidade pública.

Durante o mes de xaneiro, é posíbel solicitar o cambio de entidade ao SERGAS en calquera delegación de MUFACE ou a través do seu rexistro electrónico, tramitando simplemente unha solicitude.

PORQUE É PRECISO DETER A PRIVATIZACIÓN DA SANIDADE

Os convenios con entidades privadas supoñen para o 2023 transferencia de 2.477 millóns de euros a sociedades sanitarias privadas. Este diñeiro, que se utiliza para garantir unha carteira de clientes e mellorar a conta de resultados destas empresas, é unha cantidade que se detrae do sistema público, contribuindo a deteriorar o servizo de todas e todos.

POR CALIDADE

É de dominio público que, se por desgraza tes unha doenza grave, mellor que te colla dentro do sistema de xestión pública. A plena garantía de que non se van escatimar probas e tratamentos en favor do beneficio empresarial só a dá o sistema público de saúde. Doutra banda, as sociedades concertadas restrinxiron servizos a medida que tiñan que atender máis usuarias/os e a media de idade dos mesmos ía en aumento. En 2015, ADESLAS e ASISA suprimiron os seus servizos de oncoloxía e radioterapia, cardioloxía ou neuroloxía, deixando sen tratamento a mutualistas.

POR COHERENCIA

Se defendes, como traballador/a, os servizos públicos, deberías defendelos tamén como usuario/a. As redes privadas son, ante todo, un factor de desclasamento. O principal reclamo aos seus consumidores é o sentimento de diferenciación. Aínda que che queiran facer crer outra cousa, non por iso deixas de ser clase traballadora.

www.steg.gal



722.85.61.87



STEG

